
WIKIPEDIA

Lingua sarda

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **sardo**[3] (***sardu*** en lingua sarda) é unha lingua neolatina propia da Sardeña falada polo pobo sardo. Ata moi recentemente non contou cunha norma común ás diferentes variedades da lingua. Desde 1997 é lingua oficial, xunto co lingua italiana, da Rexión Autónoma da Sardeña, o que impulsou a elaboración dunha proposta de normativa común denominada Lingua Sarda Unificada (2001). Na LSU baséase a Lingua Sarda Común que se emprega nos documentos oficiais da Rexión Autónoma. Considérase a máis conservadora das linguas derivadas do latín.

Sardo ***Sardu***	
Pronuncia:	'sardu
Falado en:	Italia
Rexións:	Sardeña
Total de falantes:	~1 000 000 (1999–2007)
Familia:	Indoeuropea Itálica Románica Románica occidental Románica meridional **Sardo**
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Sardeña [1][2]
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	sc
ISO 639-2:	srd
ISO 639-3:	sro (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=sro)



Índice

Variedades

- **Sardo logudorese**, no norte e parte do centro de Sardeña, é a variedade en que se escribiu a maioría da literatura sarda. Comprende á súa vez dous dialectos do logudorés común (*Logudorese comune*) e do sardo nuorés (*Sardo nuorese*); constitúe a forma máis arcaica, con maior prestixio e viveza cultural;
- **Sardo campidanese**, falado na rexión histórico-xeográfica do Campidano, na parte centro-meridional de Sardeña; é a variedade que conta con máis falantes; presenta fortes influxos cataláns e toscanos.

Tamén se consideran dialectos sardos, aínda que presentan unha estrutura gramatical máis similar ao corso e con fortes influxos lígures e toscanos, as seguintes variantes:

- **Gallurese**, falado na parte nordeste da illa, en Gallura, é unha variedade lingüisticamente máis próxima ó corso que ó sardo pero considérase parte do sardo.
- **Sassarese**, propio da cidade de Sassari, en Porto Torres e en zonas circundantes, posúe características de transición (intermedias) entre o galurés e o logudorés, derivados tamén da forte influencia exercida polos dominadores pisanos, xenoveses e cataláns.

Ámbito de difusión

É falada en toda a illa, coa excepción da cidade de Alguer (onde falan catalán), e nas illas menores circundantes, salvo en San Pietro e parte de San Antíoco (onde persiste o dialecto lígur tabarquino).

Recoñecemento institucional

A lingua sarda foi recoñecida coa lei rexional Nº 26 do 15 de outubro de 1997 como segunda lingua oficial de Sardeña, á beira do italiano. A lei rexional aplica e regulamenta algunhas normas do estado italiano en tutela das minorías lingüísticas. Os códigos ISO 639-3 son:

- sardo campidanés: "sro"
- sardo logudorés: "src"
- galurés: "sdn"
- sasarés: "sdc"

Vocabulario

Táboa de comparación das linguas neo-latinas:

Latín	Francés	Italiano	Galego	Occitano	Catalán	Portugués	Romanés	**Sardo**	Corso	Siciliano
clave	*clef*	**chiave**	**chave**	*clau*	*clau*	*chave*	*cheie*	**crae**	*chjave/chjavi*	*chiàvi*
noctem	*nuit*	**notte**	**noite**	*nuèit/nuèch*	*nit*	*noite*	*noapte*	**notte**	*notte/notti*	*notti*
cantar	*chanter*	**cantare**	**cantar**	*cantar*	*cantar*	*cantar*	*a cânta*	**cantar**	*cantà*	*cantàri*
capra	*chèvre*	**capra**	**cabra**	*cabra*	*cabra*	*cabra*	*capra*	**cabra**	*capra*	*capra*
lingua	*langue*	**lingua**	**lingua**	*lenga'*	*llengua*	*língua*	*limbă*	**limba**	*lingua*	*lingua*
platea	*place*	**piazza**	**praza**	*plaça*	*plaça*	*praça*	*piaţă*	**pratha/pratza**	*piazza*	*chiazza*
pons	*pont*	**ponte**	**ponte**	*pònt*	*pont*	*ponte*	*pod'*	**ponche**	*ponche/ponti*	*ponti*
ecclesia	*église*	**chiesa**	**igrexa**	*glèisa*	*església*	*igreja*	*biserică*	**creia/cresia**	*ghjesgia*	*cresia*
hospitalis	*hôpital*	**ospedale**	**hospital**	*espital*	*hospital*	*hospital*	*spital*	**ispidale**	*spedale/uspidali*	*spitàli*
caseus lat. vulg.*formaticum*	*fromage*	**formaggio**	**queixo**	*formatge*	*formatge*	*queijo*	*brânză*	**casu**	*casgiu*	*furmàggiu/caciu*

Morfoloxía e sintaxe

En moitos aspectos diferénciase dun xeito dabondo claro do italiano e outras linguas neolatinas, especialmente no verbo, así:

- O futuro simple: fórmase mediante o auxiliar **haber** máis a preposición "a" e o infinitivo. Ex.: appo a narrere (direi), as a narrere (dirás, has de dicir).
- O condicional: fórmase utilizando unha forma modificada do verbo **deber** máis o infinitivo. Ex.: dio narrere (diría), dias narrere (dirías).
- Forma progresiva: fórmase co auxiliar **ser** máis o xerundio. Ex.: so andende (estou indo/andando).
- Imperativo negativo: analogamente ás linguas románico-ibéricas, o imperativo negativo fórmase usando a negación "no" máis o subxuntivo. Ex.: no andes (non vaias/andes).

Ortografía e pronuncia

Non existe unha ortografía unificada. Unha das súas principais características é a chamada **vocal epentética**, que é aquela que en pausa pecha unha palabra que termina en consoante e non se escribe nunca.

Notas

1. "Legge Regionale 15 ottobre 1997, n. 26". Regione autonoma della Sardegna – Regione Autònoma de Sardigna.
2. "*Testo Unificato n.36-167-228/A*, Regione autonoma della Sardegna – Regione Autònoma de Sardigna" (PDF). Arquivado dende o orixinal (PDF) o 28 de xuño de 2018. Consultado o 03 de xullo de 2018.
3. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/sardo) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/sardo) para *sardo*.

Véxase tamén

Ligazóns externas



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua sarda***

- Accademia campidanese dei lingua sarda (http://www.acalisa.org) (en sardo campidanés)
- Ditzionàriu online - Dizionario della lingua sarda (https://web.archive.org/web/20121026012840/http://www.ditzionariu.org/) (en sardo, italiano e inglés)
- Sa Limba sarda (http://www.limbasarda.it) (en italiano e inglés, inclúe unha gramática)